



**19/12/2025
5/4/2026**

Edificio Castelao
Museo de Pontevedra



DEBUXAR COA LUZ

A fotografía en Pontevedra no século XIX



Deputación
Pontevedra



MUSEO
PONTEVEDRA

museo.depo.gal

**DOSSIER PARA
MEDIOS DE
COMUNICACIÓN**

Debuxar coa luz.
A fotografía en
Pontevedra no
século XIX

Do 19 de decembro
de 2025 ao 5 de
abril de 2026

Comisarias:
Reis Camiña Castro
e Cristina Echave
Durán

Museo de
Pontevedra,
Edificio Castelao

Entre 1843 e 1900, Pontevedra viviu a chegada e consolidación dunha nova arte e oficio: a fotografía. Este período —marcado por profundas transformacións sociais e urbanísticas— foi tamén o escenario onde xurdiron as e os primeiros fotógrafos, que coas súas cámaras retrataron non só as e os seus habitantes, senón tamén o pulso dunha cidade que se ía transformando.

Antes da aparición da fotografía, pintoras e pintores e miniaturistas encargábanse de perpetuar os rostros e preservar a memoria das persoas. Coa difusión dos primeiros procesos fotográficos —daguerrotipos, ambrotipos e talbotipos—, gran cantidade destes artistas substituíron o pincel pola cámara fotográfica.

Nos seus inicios, a fotografía estivo intimamente ligada ao retrato. As e os retratistas —herdeiros da tradición pictórica— convertéronse en artesáns da luz, combinando con precisión técnica e sensibilidade estética. Coidaban a iluminación, a pose e o decorado para intentar transmitir dignidade e carácter e ofrecían a posibilidade de perpetuar a identidade nun formato duradeiro e alcanzable.

Entre os miniaturistas que se pasaron á fotografía destacan o compostelán Andrés Cisneros e o vigués Manuel Ricaud. Nesta exposición preséntanse dous talbotipos da súa autoría, pezas especialmente valiosas pola súa rareza, xa que apenas se conservan obras súas que chegasen ata os nosos días.

A partir de mediados do século XIX, Pontevedra comeza a recibir as e os primeiros fotógrafos itinerantes, que máis tarde se estableceron aquí e consolidaron a profesión. Con eles chega a tarxeta de visita, un pequeno retrato que permitiu a difusión masiva da imaxe persoal e familiar, e que converteu a fotografía nun obxecto coleccionable, o que lle deu orixe á denominada “cartomanía”. Retratarse pasou a ser un ben accesible para amplos sectores da sociedade.

Para atender a crecente demanda, chegan profesionais itinerantes coma J. Martínez, os irmáns Guiard, Manuel Antonio Vales, Alonso Montenegro, Evaristo López ou Ramón Buch. Ao mesmo tempo, xorden os primeiros fotógrafos locais, coma Vicente del Villar Cousiño.

A partir de 1870, grazas ás melloras técnicas que contribuíron a estender o uso da fotografía, aumenta o número de fotografías e fotógrafos que se establecen en Pontevedra. Aínda que boa parte das e dos novos profesionais son foráneos —Patricio Bocconi; posteriormente a súa viúva e fillo; Eliseo Segond; Francisco Prieto; Francisco Zagala; José Gutiérrez ou Carlos Fuentes—, aparecen fotografías e fotógrafos locais coma Alfredo Estoup, Juan Caramés, Adolfo Vázquez, Joaquín Pintos e Generosa Carballo Silva, unha das primeiras pontevedresas dedicadas a esta profesión.

A fotografía transcendeu pronto o espazo íntimo do estudio. As e os fotógrafos dirixiron a súa mirada cara á cidade e á súa



Retrato de Amancio Sobrino
ca. 1880. Francisco Zagala

contorna, e asumiron progresivamente funcións próximas á reportaxe gráfica. Entre as imaxes máis antigas conservadas de Pontevedra destacan unha vista da praza de Tetuán, realizada ao redor de 1859, así como varias panorámicas que permiten apreciar a evolución urbana ao longo do tempo.



Neste ámbito sobresaí a figura de Francisco Zagala. A súa serie *Pontevedra Artística e Pintoresca* constitúe un valioso testemuño da paisaxe urbana e monumental. As súas imaxes combinan sensibilidade estética e rigor documental, e difunden unha visión moderna e á vez romántica da cidade. Zagala foi, ademais, o autor do álbum *Recordo de Pontevedra* (1883), considerado o primeiro no seu xénero realizado en Galicia.

A fotografía atopou tamén un espazo relevante na ciencia e no estudo do patrimonio. A Sociedade Arqueolóxica de Pontevedra utilizouna como ferramenta de documentación e divulgación de monumentos e achados, co que creou un arquivo de grande importancia para a cidade e a provincia. No ámbito médico, profesionais coma os doutores Cobián Areal e Celestino Poza incorporaron a fotografía como instrumento de observación, diagnóstico e ensino.

Así mesmo, a finais do século XIX Pontevedra atraeu fotografías e fotógrafos profesionais e afeccionados estranxeiros, entre os que destaca Hubert Vaffier, que visitou a cidade cara a 1889-1890, no marco dunha expedición de interese científico e artístico.

As últimas décadas do século foron escenario dun novo ámbito de difusión: a prensa ilustrada local. As publicacións e revistas periódicas comezaron a incorporar imaxes, o que reforzou a función informativa e documental da fotografía. Neste terreo

Vista xeral de Pontevedra
ca. 1870. Atribuída a R. Buch

sobresae Enrique Labarta, pioneiro en Galicia non só por introducir a fotografía nas súas publicacións, senón tamén por ser o primeiro en empregalas con fins publicitarios. Labarta, fotógrafo afeccionado, contou coa colaboración de profesionais coma Francisco Zagala, Alfredo Estoup e Juan Caramés.

As e os fotógrafos que traballaron en Pontevedra durante o século XIX foron testemuñas e protagonistas da súa transformación. Coas súas imaxes construíron a memoria visual dunha cidade que se miraba a si mesma a través da luz.



**Javier Pintos Fonseca, Cosme
Rupelo e José Otero Rúa**
1895. Autoría descoñecida

A MONTAXE EXPOSITIVA

A exposición propón un percorrido temático conformado principalmente por fotografías orixinais do século XIX, alternando con algunhas reproducións a grande escala e numerosos obxectos da época. Ademais, recréase como sería un estudio de fotógrafo do XIX, incorporando pezas orixinais que pertenceron a Francisco Zagala.

Atopamos na exposición:

- Arredor de 300 fotografías:
 - Principalmente orixinais do século XIX
 - Incluindo exemplos das primeiras técnicas: daguerrotipos, ambrotipos, talbotipos, panotipos e ferrotipos
 - Xunto a algunhas reproducións ampliadas sobre lenzo e sobre placa de aluminio
- Máis de 100 obxectos e documentos
 - Álbums de fotos
 - Xilografías
 - Óleos
 - Mobiliario de época
 - Cámaras e outros obxectos de fotógrafo
 - Visores estereoscópicos e un grafoscopio
 - Publicacións impresas do XIX
 - Etc

O material exposto provén de:

- Préstamos de
 - institucións
 - particulares
 - coleccionistas
- A propia colección do Museo de Pontevedra.

O RETRATO

Antes da fotografía: a miniatura

A miniatura é un retrato de pequeno formato, sobre marfil ou cobre, que acadou unha gran aceptación entre a elite social ata mediados do XIX. A súa popularidade diminúe coa aparición da fotografía en 1839, que permite realizar retratos veraces, con maior rapidez e a un custo máis reducido. Miniaturistas como Andrés Cisneros e Manuel Ricaud incorporan a fotografía ao seu traballo, combinando ambas as técnicas. A Pontevedra chega en 1843 da man do daguerrotipista Enrique Luard Falconier.

Primeiros procedementos

Daguerrotipo

Conseguíase sensibilizando unha placa pulida de cobre exposta á luz e revelaba con vapores de mercurio. A imaxe podía verse negativa ou positiva segundo o seu ángulo de visión.

Ambrotipo

É un negativo sobreexposto sobre colodión húmido. Se se observa esta imaxe branca por transparencia vese negativa, porén, cando se reviste cun fondo escuro por detrás vese positiva. Ao igual que o daguerrotipo presentábase en estoxos decorados que actuaban como sistema de protección para garantir a súa conservación.

Talbotipo

É unha técnica fotográfica que xeraba un negativo sobre papel, permitindo a reprodución múltiple da mesma imaxe. Imitaban a estética do gravado e os profesionais recorrían ao coloreado manual para engadir vida ás imaxes.

Panotipo

O panotipo é unha fotografía realizada sobre tea (*panno*) encerada de cor negra. Para iso é necesario realizar primeiro un ambrotipo e unha vez que se obtén a imaxe transfírese ao soporte da tea encerada.



Retrato ao ambrotipo
iluminado

ca. 1860. Autoría descoñecida

Ferrotipo

É un proceso que produce un positivo sobre unha placa de ferro barnizada con colodión negro. Cada imaxe é única e o seu formato é moi variable ao cortarse con tesoiras. Adoita presentarse nun paspartú de papel co formato *carte de visite*, en medallóns e outros adornos. Foi moi popular pois permitía producir imaxes a baixo custo, converténdose nunha alternativa ao daguerrotipo e ambrotipo.

Os pioneiros

A *carte de visite*

Coa invención da *carte de visite*, fotografía de pequeno formato sobre papel albuminado, a posibilidade de ser retratado converteuse nun ben accesible para boa parte da sociedade, resultando ademais un obxecto coleccionable e de intercambio que deu orixe á *cartomanía*.

Desde 1870 aumenta notablemente a presenza de fotógrafos en Pontevedra, e aínda que unha boa parte son foráneos, comezan a aparecer os primeiros profesionais locais.

Aínda que o retrato siga sendo formal, introducen composicións e escenografías máis coidadas. Ademais da *carte de visite*, xorden novos formatos.

María Rodríguez, viúva de Bocconi

Iniciouse na fotografía ao lado do seu marido. Falecido este faise cargo do negocio familiar converténdose na primeira muller con estudo propio en Pontevedra.

Pintores-fotógrafos

Fotógrafos como Vales, Alonso Montenegro ou Ramón Buch traballaron simultaneamente como pintores e fotógrafos. Esa dobre dedicación fixo que ambas as linguaxes, a pictórica e a fotográfica, se influíran mutuamente.

Na última década do século os fotógrafos empregaban unha terminoloxía que relacionaba fotografía e pintura para atraer á clientela, e algúns pintores, presionados pola competencia da



A Rondalla Sanmartín
ca. 1892. Francisco Prieto

nova técnica, optaron por esta para explorar a súa creatividade e experimentar coa luz, a composición e o retrato.

Francisco Zagala

Foi un dos retratistas máis destacados. Na súa *Fotografía Madrileña* realizou retratos de familias acomodadas e de xente humilde, reflectindo con sensibilidade a diversidade social. As súas obras destacan pola súa sobriedade, equilibrio e gran calidade técnica. Nelas buscaba capturar non só a aparencia, senón tamén o carácter e a dignidade do retratado.

Generosa Carballo

A pontevedresa Generosa Carballo formouse con Juan Caramés, e tratou de independizarse cara 1898-1899 aínda que a súa tentativa non prosperou, o que evidencia as dificultades ás que se enfrontaban as mulleres para soste unha carreira artística ou comercial no século XIX. Na exposición poden verse as únicas fotografías coñecidas asinadas por ela.

Retratos de estudio

Os fotógrafos transeúntes

Ao longo do século XIX, a cidade convértese nun lugar de paso para numerosos fotógrafos transeúntes que chegan atraídos por novas oportunidades laborais. Paralelamente, algúns destes profesionais deciden instalarse de forma definitiva, abrindo gabinetes fotográficos estables.

Os estudos fotográficos

Os estudos construíanse en hortas ou azoteas para obter luz natural grazas a teitos e paredes de vidro con cortinas que suavizaban as sombras. O retratado posaba ante un fondo pintado e elementos que recreaban salóns decimonónicos.

Na exposición créase como sería un destes estudos, incorporando prezas orixinais do estudio de Francisco Zagala, como a cámara e outros accesorios.

O retrato *post mortem*

Foi común no século XIX para conservar a memoria dos seres queridos falecidos, especialmente nenos. As familias ás veces posaban xunto ao defunto, creando unha lembranza familiar



Retrato de familia coa súa neneira
ca. 1895. Francisco Zagala

significativa. Coidábase a presentación do corpo con elementos simbólicos que suavizaban a imaxe da morte. Esta práctica reflicte a proximidade e aceptación da morte na vida cotiá da época.

A CIDADE RETRATADA

Durante o século XIX, os fotógrafos mostraron un crecente interese por retratar a cidade e o seu contorno, non só para inmortalizar os seus elementos arquitectónicos e patrimoniais máis representativos, senón tamén para testemuñar a nova face urbana que esta foi adquirindo co paso do tempo.

Pontevedra Artística y Píntoresca

Francisco Zagala compaxinou a súa labor como retratista coa creación de vistas urbanas e paisaxes, contribuíndo á imaxe turística da cidade. A súa serie *Pontevedra Artística y Píntoresca* destaca o patrimonio local e documenta as transformacións da paisaxe urbana a finais do século XIX. Moitas das súas fotografías son os únicos testemuños gráficos de espazos e monumentos desaparecidos.

Recuerdo de Pontevedra

En 1883 Zagala dá un paso máis na difusión da imaxe da cidade ao comercializar o álbum *Recuerdo de Pontevedra*. Realizado de forma practicamente artesanal, contén doce fotografías orixinais dos monumentos e recunchos máis atractivos da cidade que podían variar en cada exemplar.

A este primeiro álbum *souvenir*, considerado o primeiro dos realizados en Galicia, seguíronlle outros de igual ou similar título, formato e contido como *Pontevedra Recuerdo* ou *Pontevedra*, este último coas fotografías impresas.



Praza de Tetuán

ca. 1859. Autoría descoñecida

Afeccionados e viaxeiros

Pontevedra foi retratada por fotógrafos afeccionados que captaron a vida cotiá desde unha perspectiva máis persoal. Tamén a visitaron viaxeiros como Hubert Vaffier, interesados en documentar os seus edificios e monumentos. Todos eles contribuíron a construír un arquivo visual diverso sobre a cidade que combina testemuño documental e visión artística.

Acontecementos e vida social

A fotografía converteuse nun testemuño esencial da vida social da cidade. Os fotógrafos profesionais e afeccionados capturaron os acontecementos históricos e as escenas cotiás, documentando o xurdimento dunha nova sociedade urbana.

Valor documental

A Sociedad Arqueológica de Pontevedra

A SAP naceu para estudar e conservar o patrimonio histórico-artístico e arqueolóxico da provincia. Foi esencial na preservación de edificios como as Ruínas de San Domingos, San Francisco ou Santa María. Ademais, creou un valioso catálogo gráfico grazas a fotógrafos e debuxantes que deixaron un testemuño visual único do patrimonio desaparecido.

Ademais de Zagala, o seu fotógrafo oficial, na Sociedade Arqueolóxica participaron afeccionados que aproveitaron as actividades de documentación do patrimonio para realizar as súas propias fotografías. Estas imaxes destacan polo seu valor documental, achegando datos esenciais sobre o legado arqueolóxico e artístico da cidade. Entre eles sobresaen o mestre Manuel Filgueira Tilve e o farmacéutico Enrique Eiras.

Fotografía e ciencia

A finais do s. XIX, a fotografía consolidouse como ferramenta clave en medicina e ciencia, facilitando a documentación e a análise de fenómenos biolóxicos e patolóxicos con precisión.



Ruínas de San Domingos
ca. 1883. Francisco Zagala

Médicos pontevedreses como Celestino Poza ou Ángel Cobián usárona en estudos clínicos, recorrendo a fotógrafos como Zagala ou Caramés. Outros científicos, como Ernesto Caballero, aplicaron a fotomicrografía ao estudo das diatomeas.

Publicacións impresas

A finais da década de 1870 as publicacións ilustradas empezaron a usar fotografías como base para os seus gravados, ofrecendo unha fidelidade visual inédita. Neste contexto, Zagala foi o primeiro fotógrafo local en colaborar con estas obras. As imaxes adoitaban levar a indicación "de fotografía". Non obstante coa chegada do fotogravado, estas publicacións cambiarían de forma definitiva.

A finais do século XIX, a presenza de fotografías en libros, guías e revistas de Pontevedra reflicte o avance da súa modernización cultural. As publicacións locais recorren a profesionais como Alfredo Estoup, Juan Caramés, ademais de Zagala, estes últimos estreitos colaboradores nos proxectos editoriais de Enrique Labarta.

Enrique Labarta

O poeta Enrique Labarta foi pioneiro en introducir a fotografía na prensa ilustrada pontevedresa. Como fotógrafo afeccionado incluíra as súas fotografías en todas as súas publicacións. O seu proxecto *Galicia Moderna* foi pioneiro no xornalismo galego tanto polo uso sistemático de imaxes como por empregarlas por primeira vez con fins publicitarios.



Fotografía para o libro
Carnaval de 1900
Enrique Labarta

ACTIVIDADES PARALELAS

Visitas guiadas

Os xoves ás 18:00 h a partir do 15 de xaneiro

Obradoiros de Nadal

23, 26 e 30 de decembro e 2 de xaneiro

Obradoiros dirixidos a nenas e nenos de 5 a 12 anos, que toman como punto de partida a exposición *Debuxar coa luz. A fotografía en Pontevedra no século XIX*. Cos títulos “Publicidade Improbable” (23 de decembro), “Pontevedra Remix” (26 de decembro), “Retratos Enredados” (30 de decembro) e “O Xornal de Aninovo” (2 de xaneiro), serán impartidos polo Comité Ilustrado, un colectivo formado por Michel Casado e Sofía Venzel. Con inscrición previa.

Obradoiro de colaxes animadas: “Pintar coa luz”

Febreiro

O Museo programará varias sesións dun obradoiro dirixido a público de calquera idade a partir de 8 anos, impartido por Montse Piñeiro. Das fotografías antigas extraeremos personaxes e espazos que modificaremos a través do recorte e o debuxo. Cando teñamos preparada a nosa composición, realizaremos pequenas animacións en *stop motion* coa axuda dun teléfono móbil ou tablet.

Xornada sobre arquivos gráficos e museos

Marzo

Xornada técnica con conferencias sobre a adquisición, conservación e difusión de arquivos gráficos desde museos.

Debuxar coa luz

A fotografía en Pontevedra no século XIX

Dirección

Ángeles Tilve Jar

Comisarias

Reis Camiña Castro

Cristina Echave Durán

Coordinación

Fátima Cobo Rodríguez

Conservación e restauración

Sonia Briones Vázquez

Mercedes del Campo Lores

Deseño expositivo

Taller Abierto

Montaxe

Carlos Calvo Abelleira

Roberto Rey Solla

Museo de Pontevedra